

# ZAPATARTE

Intervencións sobre  
calzado como soporte  
creativo

CEIP EMILIO DE NAVASQUÉS

Cruceiro de Roo - Outes

Esta mostra forma parte dun proxecto desenrolado polo alumnado de 8 a 12 anos do CEIP Emilio de Navasqüés, que persegue como obxectivo principal espertar nos nenos e nenas o gusto polo mundo da arte, intentando un achegamento a diferentes artistas e correntes da arte contemporánea, e da man dos que nos mergullamos no mundo da fantasía dunha maneira lúdica, usando como soporte de experimentación un obxecto atípico a tal fin, pero usual no noso entorno como é... “un zapato”.

“Zapateando”, fantaseamos e mediante a intervención sobre este obxecto tan próximo familiarizámonos con distintas técnicas plásticas, construimos, modelamos, discutimos, consensuamos, experimentamos coa cor, a forma e a imaxinación rescatando ademais para todo iso o importante recurso que nos ofrece o material de refugallo que anega o noso entorno inmediato sin que sexamos conscientes do seu maravilloso potencial artístico-lúdico.

Esta proposta está aberta a calquera iniciativa que queira continuar aportando maxia ao noso traballo.



















































































































































































































































































































































